

Os estudos de poesía lírica galego-portuguesa (1978-1998)¹

Teresa Amado
Pilar Lorenzo Gradín

RESUMO As autoras realizan un percorrido a través dos principais estudos sobre a lírica galego-portuguesa medieval dos últimos vinte anos. Estructuran o artigo en dous grandes bloques: un primeiro centrado no estudio da tradición manuscrita, nas edicións críticas e antoloxías e nas análises métricas e rítmicas das cantigas; e un segundo no que tratan os estudos xenéricos, os ciclos temáticos e as aportacións de investigación histórica. En ámbolos bloques sistematizan a información seguindo unha orde cronolóxica. A parte final do artigo está ocupada por unha extensa "Bibliografía" dividida en: "Edicións de textos e antoloxías" e "Estudios".

ABSTRACT The authors review the most important studies on the Galician-Portuguese Lyric produced during the past twenty years. The article is divided into two main sections, of which the first concentrates on the manuscript tradition, on critical editions and anthologies, and on rhythm and metre in the cantigas. The second section deals with studies on genre, thematic groupings and the contribution made by historical research. Both sections are ordered chronologically. The final part of the article consists of a full bibliography, divided into "Editions and Anthologies" and "Critical Studies".

7

O termo *post quem* do traballo que a seguir se presenta vén determinado polo período que abrangue o clásico manual de S. Pellegrini e G. Marroni, *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica galego-portoghese (1814-1977)*, L' Aquila, 1981. A partir de 1987, os especialistas na materia, e os hispanistas en xeral, contan coas publicacións anuais do *Boletín bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, coordinado e editado por V. Beltrán, no que hai unha sección específica dedicada á "Literatura galaico-portuguesa". No primeiro volume do mencionado *Boletín*, a propia G. Marroni engadiu e

¹ Os resultados que se expoñen neste artigo foron presentados nunha ponencia conxunta no Congreso 1498-1998: *Roots, Routes, Reflections* (Association of Hispanists of Great Britain and Ireland), celebrado en Braga (Portugal), do 6 ao 11 de Setembro de 1998.

completou a bibliografía do *Nuovo repertorio* ata o ano 1987, continuando cos criterios organizativos que presidiran a obra primitiva, é dicir, recorreu, unha vez máis, á distribución por anos das publicacións. Nos últimos volumes do *Boletín* o criterio adoptado para a organización do material foi utilizar a orde alfabética para os autores dos estudos críticos. Destes últimos proporciónase unha información mínima relativa aos seus contidos, que van complementados ao final cun índice de materias de tipo xeral. Así mesmo, e dende o ano 1995, o “Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades” publica o *Informe de literatura* anual, coordinado por B. A. Roig, no que figura un apartado sobre *Publicacións de Literatura Medieval*, que se distribúen en “Monografías e libros colectivos”, “Actas” e “Publicacións en revistas e xornais”. As entradas van acompañadas dun breve comentario que orienta ao lector sobre os contidos básicos das publicacións seleccionadas.

8

Tendo en conta a vitalidade que ten o dominio estudiado entre a crítica especializada, a nosa contribución dividirase en dous grandes bloques. O primeiro, redactado por P. Lorenzo Gradín, céntrase nas achegas relativas á tradición manuscrita, á elaboración de edicións críticas e antoloxías, e, por último, recolle unha breve sección dedicada aos estudos nos que se analizan determinados procedementos métrico-rítmicos das cantigas. A segunda parte, a cargo de T. Amado, expón os resultados máis salientábeis das investigacións centradas nos xéneros, na documentación histórica e na individualización de conxuntos ou ciclos no interior das tres grandes modalidades do trobar galego-portugués. En cada un dos apartados fíxose necesaria unha selección das contribucións reunidas de todo o material coñecido, que se tentou sistematizar por orde cronolóxica. Aínda que toda información bibliográfica peca de omisións, insuficiencias e seleccións non sempre obxectivas, pretendeuse en todo momento mencionar aqueles contributos máis salientábeis e que destacan polos datos que achegan á tradición literaria estudiada.

1. Tradición manuscrita, edicións críticas e estudos métricos

A actividade filolóxica e crítica nas décadas que aquí serven de límite para trazar o panorama bibliográfico sobre *poesía lírica galego-portuguesa* coñeceron un interese crecente por este dominio literario. Un gran número de estudos, que comprenden diversos aspectos desa produción lírica, analizados, ás veces, dende distintas perspectivas, e a publicación de edicións críticas e antoloxías

do *corpus* trobadoresco dan conta do renovado interese que esperta na crítica actual a “escola” poética medieval do Occidente peninsular.

1.1. A tradición manuscrita

No establecemento do arquetipo da tradición lírica galego-portuguesa, Tavani (1967b; 1969; 1988b) e D’Heur (1974; 1984) propuxeron solucións diferentes. O profesor italiano, baseándose na presenza de erros comúns, na concordancia dun gran número de leccións e na coincidencia na escolla e selección dos textos, presentou un *stemma* constituído por dúas pólas independentes, que se remontan a un arquetipo común, ω . A primeira destas pólas estaría representada por A, copia incompleta dese antecedente, concluída bruscamente arredor de 1284. A segunda, α , daríalles orixe aos apógrafos italianos, B e V, e sería feita arredor de 1340-1350, ampliando o contido do primitivo arquetipo coa incorporación de novos autores e textos. A ausencia de rúbricas atributivas en A fronte ao resto da tradición, que conserva o nome dos poetas, e a existencia de lecturas equipolentes e de redaccións diverxentes para determinados textos que enfrontan aos distintos testemuños, permiten postular a diverxencia entre A e α , impedindo unha relación de dependencia entre ambos ou a derivación mutua. Deste subarquetipo α tiraríanse outras dúas copias, β , na segunda metade do século XIV, da que derivaría a *Tavola Colocciana* (C), e γ , de fins do século XIV ou primeira metade da seguinte centuria. Tavani xustifica a existencia da rama paralela a γ , β , e a diferenza entre C (β) e B (γ) en base á diverxencia de atribucións entre a *Tavola* e o *Colocci-Brancuti* nos primeiros textos antoloxizados, na atribución dalgunhas cantigas ou conxuntos de cantigas, así como na ausencia de calquera mención en C á *Arte de Trobar* que precede B. Da rama γ , a través dos *codici interpositi* δ , ϵ e ζ , derivarían os cancioneiros coloccianos B e V. A estreita afinidade entre ambos códices –mesmos textos, dispostos na mesma orde e atribuídos, salvo excepcións, aos mesmos autores– e a existencia de elementos separativos –entre os que destacan a ampla lagoa inicial de V, marcada pola apostila colocciana *manca da fol. ij infino a fol. 43*, que B colma co tratado de poética e con 332 cantigas; a lagoa de B que envolve os textos que en V ocupan as posicións 1000-1040, e a ausencia no *Colocci-Brancuti* doutros grupos menores de textos– impiden derivar un códice do outro, remontándose ambos a un antecedente común, γ , do que non proceden directamente senón a través de *interposita*. Varios elementos apoian, na opinión de Tavani, estes intermediarios: a ausencia en B dos textos 1391-1430, en correspondencia dos cales V transcribe os


números 1000-1040, debe remontar a un antecedente δ , xa que os textos estaban en γ e en B non faltan folios. A acefalia de V, pola súa parte, esixe, dada a súa amplitude, a existencia entre o ascendente común a B / V e este último códice de dous *interposita*, ϵ , que se podería identificar cunha fase *deterior* de γ , despois de que este dese orixe a δ , e ζ .

Distintos puntos desta argumentación foron sometidos a crítica por parte de J. M. D'Heur, que, ademais de proxectar as súas dúbidas sobre a posición de A no *stemma* proposto por Tavani e sobre o propio arquetipo da tradición, ω , non acepta a existencia de β como fonte da *Tavola Colocciana* e elimina a presenza de *interposita* entre B e V. En efecto, o investigador belga considera que a *Tavola* é, en realidade, o índice de B, e que os códices italianos derivan directamente do denominado subarquetipo α , identificado pola crítica co *Livro das cantigas* que o conde D. Pedro de Portugal lle envía no ano 1350 ao seu sobriño Afonso XI de Castela. Esta opción foi tamén a defendida por E. Gonçalves (1976; 1993c) e A. Ferrari (1979; 1991; 1993b).

10


Nun estudio publicado en 1988, que leva por título *Ensaio portugueses*, e no que se recollen traballos dispersos de literatura galega e portuguesa publicados en revistas e actas de congresos, Tavani dedica un apartado (“Ainda sobre a tradição manuscrita”) a responder ás críticas que lle fixera D'Heur nos estudos anteriormente mencionados. O filólogo italiano insiste na validez do *stemma* proposto inicialmente, aínda que modifica determinados puntos da súa argumentación que non lle afectan ao núcleo da proposta primitiva. Efectivamente, Tavani reitera a súa convicción na existencia do interposto ϵ , xustificando en base á ampla lagoa inicial de V –que non pode derivar directamente de ζ , como se deduce da apostila colocada por Colocci no primeiro folio do códice da Vaticana–, e na necesidade de postular un cancionero afín a B, β , que representaría un estadio da tradición mellor có conservado en B (e en δ), situábel ao nivel de γ pero distinto deste. Ademais, o profesor italiano reafirma a relación existente entre A e B / V en base ao paralelismo case perfecto na sucesión dos autores na parte común a estes manuscritos, correspondencia que é entendida como indicio da derivación destes códices a partir dun antecedente común. Ata o momento esta nova achega non recibiu por parte dos especialistas no estudio da tradición manuscrita ningunha contrarréplica. Un novo artigo do propio Tavani (1998), actualmente no prelo, retoma a cuestión reiterando o seu convencemento de que B e V proceden de antecedentes distintos e incidindo de modo particular sobre os argumentos que sustentan esa afirmación, defendida polo estudioso italiano dende os seus primeiros traballos sobre a cuestión.

Como síntese dos resultados acadados ao longo destes anos de estudio da tradición manuscrita, reproducécese a seguir o *stemma* de Tavani:



así como a proposta alternativa da crítica, tal e como a recolle Gonçalves (1993c) nun artigo que dá conta do estado actual das investigacións neste ámbito de estudio:

11



Nese mesmo ano 1988, H. Livermore publicou o artigo “The Formation of the Cancioneiros” no que pretendía que V era un cancionero confeccionado na Península Ibérica e que tería sido a fonte directa de B. Para as características italianas do códice remitimos á voz do *DLMGP* de A. Ferrari (1993c). Que B non pode derivar de V requiriría un desenvolvemento polo miúdo,

mais abonda con sinalar a presenza de textos que aparecen no *Colocci-Brancuti* e que non están no seu pretendido antecedente. Así, a modo de exemplo, baste con indicar a ausencia das cantigas B 446-450 entre os textos V 60 e V 61 (f. 2'), ausencia que non se debe a mutilación, xa que se produce na propia sucesión interna dos textos.

Poucos anos antes vira a luz o estudio máis completo sobre a única folla voante medieval conservada, que, como se sabe, contén os textos e a música das *cantigas de amigo* de Martin Codax, o famoso *Pergamiño Vindel*, estudio realizado por M. P. Ferreira (1986). A propósito da produción deste xograr e, en particular, da súa sexta cantiga, *Eno sagrado en Vigo*, a única que en N carece de notación musical, é moi esclarecedora a interpretación realizada por Gonçalves (1989) da anotación de V (f. 139r, col b, liña 16) *Martin Codax esta non acho pontada*, copiada despois do último verso da cantiga fragmentaria de Martin de Ginzo *Nunca eu vi melhor ermida, nen mais santa* (V 882).

12 A última década de estudos da tradición manuscrita estivo marcada, sen dúbida, polo descubrimento en 1990 na Torre do Tombo do *Pergamiño Sharrer* (Sharrer, 1991a; 1991b; Guerra, 1991), que contén fragmentos de sete *cantigas de amor* de Don Denis con notación musical (M. P. Ferreira, 1991): a comparación das variantes textuais de B e V con D indican que o antecedente dos apógrafos italianos era un códice moi parecido ao que reproduce os textos do rei Don Denis.

Nestes anos recuperouse tamén o *Cancioneiro da Bancroft Library* (Askins, 1991), que é un *descriptus* de V, realizado en Italia entre 1592 e 1612. Aínda que o códice fora descuberto en 1857 polo crítico brasileiro F. de Varnhagen, que chegara a publicar del unha selección de 50 textos en 1870, o certo é que a partir desa data perdéranse as referencias e as posibilidades de consulta do manuscrito, ata que en 1983 apareceu entre varios dos códices adquiridos pola Bancroft Library da Universidade de Berkeley (California). Malia tratarse dun testemuño secundario e serodio, dado que a súa copia tivo lugar nunha época próxima á de V, e presentando un bo estado de conservación, en certos casos a consulta de K é útil para o editor porque lle permite esclarecer algunhas lecturas dúbidas do seu modelo.

Unha das contribucións máis interesantes dos últimos anos no dominio da tradición manuscrita constitúea a publicación da tese de A. Resende de

Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV* (1994). Nela o estudioso portugués diferencia os distintos niveis de formación da tradición manuscrita e sinala os autores que forman parte do primitivo arquetipo, constituído fundamentalmente polo *cancioneiro de cabaleiros* e por unha *Liedersammlung* de trovadores portugueses, e o material que se lle engade a esa primeira compilación nun segundo momento, identificado co subarquetipo α . Este segundo nivel está integrado por unha serie de cancioneiros individuais e colectivos que son: a *compilación de reis e magnates*, os *cancioneiros individuais* de Johan Airas de Santiago, Don Denis e Estevan da Guarda, a *compilación de clérigos*, outras *recolhas individuais* e un novo conxunto textual individualizado por primeira vez como tal nos estudos codicolóxicos: o denominado *cancioneiro de xograres galegos*, que en principio iniciaba Bernal de Bonaval. Sobre este hipotético cancionero xa o autor publicara un artigo (1988) no que reunía novos datos sobre a constitución desa pequena antoloxía e sobre os seus integrantes. O libro de Resende de Oliveira complétase con dous apéndices. O primeiro contén un cadro no que se aproveitan achegas feitas por outros estudiosos (Tavani, D'Heur, Gonçalves, Ferrari) coas novas investigacións realizadas polo crítico portugués, e no que se facilita a colocación dos autores en A, B e V, segundo a tripartición xenérica *amor, amigo, escarnio e maldicir*, polo que o lector visualiza claramente a secuencia e a orde dos autores nos testemuños mencionados. O segundo apéndice proporciona as fichas individuais para cada autor, divididas en dous apartados: no primeiro recóllense o número de composicións que integran a produción do trovador e, de xeito abreviado, as cuestións relativas á súa colocación nos códices, mentres que no segundo se traza o perfil biográfico do autor, tendo en conta todos os datos históricos dos que se dispoñía no momento de redacción da obra.

13

Outros aspectos estudados no ámbito da tradición manuscrita foron o sistema das rúbricas nos cancioneiros italianos e o da colocación dos textos que non respectan a primitiva tripartición do arquetipo (Gonçalves, 1994); así mesmo, analizáronse fenómenos de duplicación na transmisión e, en menor medida, os casos de dobre atribución (Gonçalves, 1991b), que na súa maior parte están aínda por resolver. Neste campo dos traballos filolóxicos, malia que se teñen conseguido importantes avances, é necesario un estudio codicolóxico de V como o que A. Ferrari fixo para B, e no que se completen os datos da importante análise que precede a edición diplomática realizada por Monaci en 1875. Aínda hai que explicar a ampla lagoa inicial de V, que Colocci sinala coa

xa mencionada apostila *manca da fol. ij infino a fol. 43* (e que, como xa se dixo, B colma coa *Arte de trobar* e con 332 cantigas nun total de 76 folios máis o recto doutro folio). Así mesmo, espérase o estudio definitivo do *Cancioneiro da Ajuda*. Os últimos estudos de M^a. A. Ramos (1984; 1986; 1994) apuntan a que ese cancionero, máis ca ser copia dunha compilación xa constituída, podería ser o resultado da unión de materiais diversos, tal e como permite concluír o diverso comportamento na copia das *findas* e as correccións marxinais que figuran no códice.

1.2. Edicións críticas

No campo da edición de textos hai que sinalar a importancia da edición facsimilar do *Cancioneiro da Ajuda*, publicada en Lisboa en 1994, que é de grande utilidade para o filólogo, xa que permite facer unha primeira aproximación ás cantigas e comparalas con B e V, que contaban con reproducións facsimilares dende había xa tempo (a edición de V publicouse en 1973; a de B data de 1982).

14

O labor de recuperación filolóxica das cantigas, iniciado a comezos deste século por D^a. C. Michaëlis de Vasconcelos, e proseguido por J. J. Nunes, M. Rodrigues Lapa e pola “escola” italiana (que segue a demostrar un grande interese por este dominio), tivo continuación nestes anos. Saíron á luz unha serie de novas edicións monográficas (non se dá conta das reedicións, como a de Lapa, 1995), de calidade desigual e con prácticas editoriais que están lonxe de ser uniformes: Mendinho (Tavani, 1988a); Pero da Ponte (A. Juárez, 1988); Don Denis (Gonçalves, 1991a, traballo no que se editan tres cantigas nas que xa se utiliza o *Pergamiño Sharrer*); Fernan Paez de Tamalancos (C. P. Martínez Pereiro, 1992); Rodrigu’ Eanes de Vasconcelos (M. Ferreiro, 1992); Gonçal’ Eanes do Vinhal (Víñez, 1993); Don Vasco Gil (Piccat, 1995); Gomez Garcia (Lorenzo Gradín, 1996), e Pai Soarez de Taveirós (Vallín, 1996).

Sen pretender dar conta de todas as diverxencias que se verifican na práctica editorial galego-portuguesa, hai que sinalar que os problemas fundamentais que están por solucionar son os relativos á fixación do texto e á disposición ou transcripción gráfica deste. No que respecta ao primeiro punto, as cuestións fundamentais son as que atinxen á isometría (versos hipómetros ou hipérmetros; relación entre texto e música, que nos é practicamente descoñecida e que permitiría aclarar moitas destas cuestións e valorar o recurso á integración ou á supresión de vocábulos, solucións con frecuencia adoptadas para conseguir a

medida silábica perfecta), e á perfección rimática, basicamente a que lle afecta á rima de vocal oral con vocal nasal (como se lembrará, as achegas de Cunha, 1961, marcaron un punto de inflexión na consideración e solución dadas a este problema).

No relativo á transcripción gráfica do texto obsérvanse solucións diverxentes, que fluctúan entre a conservación das particularidades dos textos e a regularización e unificación das grafías. Puntos de especial conflictividade constitúenos, fundamentalmente, o desenvolvemento de determinadas abreviaturas (por exemplo *-9*, resolto por algúns editores como *-us* e por outros como *-as*), a nasalidade, o tratamento do *h* antietimolóxico e a simplificación ou non das consoantes dobres (salvo as que se corresponden coa representación da vibrante múltiple e da fricativa alveolar xorda en posición intervocálica).

No ámbito das antoloxías, nos últimos anos publicouse un número relativamente amplo delas, entre as que destacan as asinadas por Ferreira (1988; 1991), Alvar e Beltrán (1989), Pena (1990) ou Jensen (1992), obras amplamente manexadas e ben coñecidas. Divididas en dous grandes bloques, presentan un *estudio preliminar* e unha *selección de textos* exclusivamente poéticos (Alvar e Beltrán, Jensen) ou ben de poesía e prosa (Ferreira, Pena). Na *introducción* os autores abordan brevemente cuestións relativas á periodización da escola galego-portuguesa, marco cultural no que se desenvolve, tradición manuscrita, poética das cantigas, análise particular dos xéneros canónicos e rápido repaso polos chamados xéneros menores, así como outras relacionadas coa herdanza dos trovadores. A *antoloxía* pode seguir distintos criterios de organización: textos distribuídos por autores dispostos de acordo coa orde alfabética (Jensen) ou coa cronoloxía relativa (Alvar e Beltrán); textos agrupados por xéneros, seguindo unha división ampla en *cantigas de amor*, *amigo*, *escarnio e maldicir*, e *xéneros menores* (Ferreira, 1988; Pena), ou, finalmente, unha distinción máis particularizada (Ferreira, 1991), que separa a *poesía lírica* da *satírica*, establecendo subdivisións en cada grupo de acordo coa influencia provenzal (*cantiga de amor*; *tenzón*, *lai* ou *sirventés*) ou coa continuación dun pretendido lirismo autóctono (*cantiga de amigo*, *cantiga de escarnio e maldicir*, *cantiga de seguir*). Esta última distribución amósase, sen embargo, pouco sólida, dado o alto grao de hibridez textual que caracteriza moitas das composicións transmitidas. Así mesmo, certos estudiosos sérvense, dentro dos xéneros, dun subcriterio de tipo cronolóxico (Ferreira, 1988; 1991; Pena). Os textos van acompañados normalmente de comentarios, que inclúen unha breve nota

relativa ao autor, localización da cantiga nos manuscritos e nos repertorios, edicións do texto e edición seguida na antoloxía, xénero, breve nota de contido, ficha métrica, análise dos principais recursos formais e, nalgúns casos, a tradución (Alvar e Beltrán, Jensen). Con frecuencia proporciónanse, ademais, notas aclaratorias relativas a versos particulares da cantiga seleccionada. Os traballos complétanse cunha *bibliografía*, con distintos *Apéndices* de contido vario –textos non trobadorescos, *Cantigas de Santa María*– e cos *Índices* (de autores e de primeiros versos).

En 1996 apareceu o *corpus* de *Lírica profana galego-portuguesa* (2 vols.), coordinado por M. Brea. Esta publicación afectaralle considerablemente á recepción actual da poesía trobadoresca, xa que recolle integramente a produción lírica conservada dos séculos XIII e XIV. O devandito traballo, que cobre un importante baleiro no eido editorial –ata este momento só se dispuña de edicións realizadas en base a criterios xenéricos, de antoloxías e de edicións críticas de trobadores particulares–, non é unha edición crítica, senón que toma as edicións críticas máis fiábeis para o establecemento dos textos de cada autor. Tal e como fixera Tavani no seu *Repertorio Métrico* (1967a), os trobadores aparecen ordenados alfabeticamente e este mesmo criterio é o que preside a transcripción dos textos. Obsérvanse, sen embargo, algunhas modificacións con respecto ao traballo do profesor italiano, xa que determinadas cantigas sonlles atribuídas a outros autores, en concordancia cos resultados acadados nos últimos estudos sobre tradición manuscrita. Dentro do capítulo dedicado a cada autor inclúese unha ficha biográfica actualizada sobre o poeta e outra bibliográfica, que se distribúe en edicións e estudos. Cada texto vai acompañado, á súa vez, dunha serie de indicacións, á marxe da bibliografía particular para a composición. Así, proporciónanse os datos relativos aos cancioneros que enviaron a cantiga e número que neles lle corresponde, transcripción de rúblicas explicativas, se as hai, xénero do texto –establécense xéneros, subxéneros e motivos, con principios que non sempre son claros e que conducen a certas vacilacións–, e datos relativos a aspectos formais, que son de enorme utilidade, aínda que ás veces se perciba a ausencia de criterios nítidos á hora de delimitar certos recursos, concretamente os relativos ao *mot tornat* e *mot equivoc*, e ás *cobras capfinidas* e *capdenals*. A obra complétase, deixando á marxe os *Índices*, con dous *Apéndices*, un no que teñen cabida aquelas composicións recollidas nos cancioneros que non pertencen en sentido estricto á lírica profana galego-portuguesa –laudas marianas, textos en castelán e textos posttrobadorescos– e outro no que se achegan datos sobre a produción perdida da lírica profana.

Na actualidade a información recollida nestes dous volumes pódese consultar tamén a través dunha base de datos accesíbel a través de INTERNET (non nun CDRom), *Base de Datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa*. Para finais do próximo ano todos os textos estarán codificados en SGML e, nun futuro inmediato, está previsto introducir as imaxes dixitalizadas dos *Cancioneiros*. Este traballo, que se enmarca no proxecto *Arquivo Galicia Medieval* (Brea, 1997), enriquecerá enormemente o labor do investigador ao permitirlle comprobar a fiabilidade da edición dada e o acceso a múltiples aspectos –codicolóxicos, temáticos, formais...– das composicións conservadas nos códices.

A cargo do mesmo equipo de investigadores que elaborou *Lírica profana galego-portuguesa*, en outubro de 1998 publicouse a monografía *Cantigas do Mar de Vigo*, edición crítica das cantigas dos xograres Mendinho, Johan de Cangas e Martin Codax. O groso do traballo constitúeno un estudio preliminar, organizado en tres capítulos, e a edición crítica dos textos. Na parte inicial teñen cabida as cuestións relativas ao *estatus* das *barcarolas* e *maríñas* e á pertinencia dunha análise secuencial para os textos transmitidos; a biografía dos autores e a análise da tradición manuscrita –na que se lle presta especial atención aos testemuños, en particular a N, ás relacións estenmáticas que entre eles se establecen e ao denominado *cancioneiro de xograres galegos*– trátanse nos dous parágrafos seguintes.

A edición crítica das cantigas distribúese en capítulos, un para cada xogar, que se presentan subdivididos á súa vez en dous grandes bloques. O primeiro correspóndelle ao texto crítico, que vai acompañado por un dobre aparato –variantes adiaforas e erros significativos na primeira franxa, variantes gráficas e abreviaturas na segunda–; ademais ofrécese as lecturas diverxentes dos editores precedentes, as edicións anteriores nas que se poden atopar os textos, a localización das cantigas nos manuscritos, ficha retórico-formal e comentarios particulares aos versos. O segundo bloque, baixo o título *Comentario*, analiza aspectos fundamentais do texto tanto a nivel formal coma conceptual, tentando pólos sempre en relación co resto da produción profana galego-portuguesa. Un *glosario* e un *rimario* comentados, así como unha extensa *bibliografía*, completan e pechan esta útil edición.

1. 3. Estudos métricos

Tamén no campo relativo aos procedementos métricos houbo achegas moi interesantes, centradas sobre todo na análise de determinados artificios. Así,

no congreso *O Cantar dos Trobadores* (1993), recóllense os artigos de A. Ferrari dedicado á “parola-rima”, no que se destacan os precedentes provenzais e as diferencias na práctica do artificio entre as cantigas e os textos ultrapirenaicos; o de E. Gonçalves, consagrado ás *cantigas atebudas*, onde se sinala o erro por parte da crítica de denominalas *cantigas ata findas* a partir dunha corrección inxustificada e introducida por Monaci no ano 1886. A estudiosa portuguesa fixa o número de *atebudas* en corenta e tres e sinala como posible orixe do procedemento a ruptura do *couplet* dos *romans* franceses. Finalmente, e no mesmo volume, M. Tyssens busca os posibles precedentes do *leixa-pren* nas cancións de danza francesas e insiste na importancia que tivo a estancia de Afonso III o Boloñés en terras de *oïl* para a adaptación do procedemento na tradición galego-portuguesa.

Nas Actas *Medioevo y Literatura* (1995) recóllese a comunicación de A. Correia sobre as *coblas doblas*, na que se pasa revista aos diferentes modos en que o recurso de orixe provenzal foi adoptado polos trovadores galego-portugueses.

18 P. Lorenzo Gradín (1997) ocupouse, pola súa parte, da análise dun dos procedementos repetitivos máis característicos do lirismo galego-portugués, o *dobre*, tentando individualizar as súas características fronte a outras técnicas de repetición practicadas polos trovadores. E. Fidalgo (1997) analiza os artificios do *mot-equivoc* e do *mot-tornat* na *cantiga de amor*, conectándoos coa práctica do paralelismo, e insiste en que o último procedemento non tiña na poética peninsular as connotacións negativas que tiña a palabra-volta na tradición occitana.

Así mesmo, os estudos intertextuais (*cantiga de seguir*), tanto no interior da propia escola (Gonçalves, 1992; Lorenzo Gradín, 1993) como entre a tradición provenzal e a galego-portuguesa (P. Canettieri e C. Pulsoni, 1995a; 1995b), constituíron centros de atención para os investigadores nestes últimos anos.

O panorama trazado deixa abertas as portas a novas posibilidades de estudo e marca as pautas que poderán seguir as vías de investigación neste campo dos traballos críticos. Efectivamente, preséntanse como de vital importancia unha análise do paralelismo que complete o ensaio pioneiro de Asensio (1970); un estudio da combinación de esquemas rítmicos, en particular das *cobras unissonans* e *singulares*, e a definición e delimitación, conforme ás Poéticas

medievais e á dinámica do trobar peninsular, de recursos de conexión interestrófica como as *cobras capdenals* e *capfinidas*.

Este brevísimo percorrido bibliográfico dá conta da vitalidade dos estudos de lírica galego-portuguesa, que contan agora coa axuda das fontes dixitais que facilitarán non só unha máis ampla e rápida circulación dos textos, senón tamén a tarefa do investigador e o acceso á totalidade do *corpus* profano galego-portugués por parte dos interesados nesta tradición lírica.

2. Retórica, Poética e Hermenéutica²

Procuraranse apuntar, como xa se fixo na primeira parte do traballo, resultados, vías e tendencias que se poden percibir nos estudos que xurdiron nas últimas décadas, máis ca dar destes unha reseña sistemática. Antes de comezar, cómpre notar que as tres disciplinas enunciadas no título non se corresponden, na práctica, a campos xebrados, senón que funcionan constantemente como auxiliares unhas das outras.

A exposición organizárase ao redor de tres temas: os xéneros, a investigación histórica sobre persoas e feitos –os *contextos* da literatura–, e novos criterios para a constitución de conxuntos ou “ciclos”.

19

2.1. Xéneros

A forma dos *Cancioneiros* induciu, dende o comezo dos estudos modernos sobre a poesía galego-portuguesa, a que se vise nesta un dos principios metodolóxicos máis aconsellábeis, e iso comezou reflectíndose nas fundamentais edicións que apareceron despois: a do *Cancioneiro da Ajuda*, que correspondía el mesmo a un xénero, de C. Michaëlis (1904), a das *cantigas de amor* e a das *cantigas de amigo* de J. J. Nunes (1926-28; 1932), e a das *cantigas de escarnio e de maldizer* de Rodrigues Lapa (1965). Nas décadas dos 60, 70 e 80 seguíronse con particular empeño outras dúas vías, ilustradas respectivamente polas edicións facsimilares de B e de V, e interpretativas da “Arte de trobar” e da *Tavola Colocciana*, e por numerosas edicións críticas de cancioneros individuais. (Sinal

² Agradecemoslle a M. Arbor Aldea a súa colaboración ao traducir ao galego a versión portuguesa orixinal desta parte do traballo.

de que se está hoxe nunha nova fase é a recente edición completa da *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, xa citada. Iso non impide, sen embargo, que vaia saír, aparentemente en breve, unha nova edición de R. Cohen das *cantigas de amigo*, cunha utilidade que parece, polo demais, innegábel).

20 A lectura máis atenta dos textos de aí resultante permitiu percibir imprecisións, desvíos inclasificábeis relativos á identificación, que se quería segura, dos xéneros e especies mellor coñecidos: *amor* e *amigo*, *escarnio* e *maldicir*, *tenzón*, *sirventés*, ou mesmo a *cantiga de romaría* (Correia, 1993). O precioso e sólido *Repertorio Métrico* de Tavani (1967a) fixo visíbeis as dificultades que se lle presentaron ao pretender distribuír todas as cantigas por grupos xenéricos, cando se arriscou, non só a ensaiar clasificacións novas, senón a introducir interrogacións cando a decisión non parecía posíbel. A atención volveuse entón cara á variedade que cada un dos xéneros maiores comporta (lonxe de constituír un todo homoxéneo) e cara á expectativa doutros xéneros menos salientábeis, mencionados polo tratadista de B, como a *cantiga de seguir* e a *cantiga de vilão*. Medrou a dispoñibilidade para ver o proceso de creación dun tipo de poemas como adaptación de formas e ideas poéticas alleas e invención doutras, e para apreciar a notábel continuidade representada na abundante produción que coñecemos, como unha realidade dinámica e desigual, na que a permanencia de certos modelos coexistiu coa mudanza e coa novidade. Por outro lado, e tanto no que atinxe aos xéneros “maiores” coma aos “menores”, gaña cada vez máis consistencia a idea de que o xénero non sempre funciona como unha categoría plena, coa que se corresponden obxectos puros, senón como un grao variábel de aproximación ou de afastamento de certos elementos temáticos e formais; a variación depende das distancias mantidas con respecto a outro xénero. Resulta así que as clasificacións teñen un valor relativo e que só a copresencia efectiva de xéneros diferentes lle pode facer xustiza a esa relatividade.

A rehabilitación da *cantiga de seguir* espertou o interese por un aspecto da cuestión dos xéneros que non deixou de producir avances. Referímonos á práctica da parodia, do *contrafactum*, e, en xeral, aos fenómenos de intertextualidade. O luminoso texto de L. Stegagno Picchio (1966) que transformou o bispo satirizado por Johan de Gaia na súa cantiga *Eu convidei un prelado a jantar, se ben me venha*, de apaixonado por uns ollos verdes nun simple borrachuzas, mostrando o mecanismo do “seguir”, foi un paso importante. Son exemplares os estudos de E. Gonçalves (1992) sobre intertextualidade en Don Denis, Alfonso X e outros poetas peninsulares e provenzais, que a levaron a percibir

parodia ou reescritura onde antes non fora vista. A mesma autora aplicoulles, ademais, idéntica eséxese aos poemas satíricos de Don Denis, non para adscribilos a outro xénero senón para entendela de maneira ata agora insospitada.

Pódese considerar este impulso de “desconfianza hermenéutica” como unha das compoñentes que dominan a reflexión actual. O contexto fornecido polas edicións críticas de cancioneros individuais que continuaron aparecendo amósase tamén, naturalmente, propicio para o seguimento de novas perspectivas interpretativas. Excelente demostración diso é a edición da obra de Fernan Soarez de Quinhones de J. Dionísio (1992), presentada a unha proba académica e aínda non publicada. Para dar outro exemplo no campo dos xéneros, é idéntica a motivación de M. Brea ao interpretar como sátira unha *cantiga de amigo* de Pai Gomez Charinho na que a amiga se alegra polo próximo regreso do amigo e expresa a súa gratitude ao responsábel de que este fose afastado do mar, tal vez polo señor de Haro (Brea, 1996). Traballos de Tavani demostrando a mesma tendencia deixaron, como dixemos, sinais no *Repertorio* e foron desenvolvidos en *A poesía lírica galego-portuguesa* (1988c), *Ensaio Portugueses* (1988b) e en varios artigos máis.

Un camiño sempre fecundo nos estudos sobre poesía trobadoresca foi a reflexión verbo dos varios tipos de influencia que nela se poden recoñecer da poesía do sur, sobre todo, e tamén do norte de Francia. Estudando as repercusións da lírica provenzal no marco do, como lucidamente lle chamou, *contacto* entre as dúas linguaxes líricas, A. Ferrari (1984) revisou e ampliou os datos da cuestión. Véxase, igualmente, o interese que se lle ten dedicado á imitación de subxéneros (producindo o que Tavani chamou *xéneros contaminados*) e de modalidades da cantiga de amor transpirenaica na poesía galego-portuguesa. Respecto aos primeiros, a escaseza de escritos críticos que o exiguo, e de certa maneira marxinal, lugar que o *lai* ocupa nos *Cancioneiros* xustifica, foi atenuada polo artigo de A. Ferrari (1993d) sobre este “xénero”. Por outro lado, aínda non acadou resultados definitivos a discusión sobre a *pastorela* e a *alba*, e a penas se pode constatar que, sobre esta, o comentario de Tavani á famosa cantiga de Nuno Fernandez Torneol (1988b) segue sendo o que trata a cuestión de forma máis completa, aínda que non xerou unha adhesión unánime. Son máis as novidades relativas ás variedades da cantiga de amor, como se pode ver na enumeración dos temas dos seguintes pequenos estudos: o *escondit* ou autodefensa, que se revela como un dispositivo retórico para variar a declaración amorosa (Brea, 1993); a cantiga de *change*, que relata a

substitución da muller amada (Bertolucci, 1993a); a *mala cansó*, de despeito ou de vinganza, nunha hipotética experiencia de Pero da Ponte (Hernández, 1993); e, non xa modalidade de texto senón de discurso, a *función encomiástica*. A ausencia desta na poesía galego-portuguesa explicouse por factores culturais e sociais –diferente relación vasalo/señor ou rei e diferente conxuntura política (Bertolucci, 1998)–, pero nela parécenos que contan tamén as diferentes actitudes estéticas que prevalecen nas dúas poesías. Con excepción deste último caso, repárese en que se lida con textos nos que a fronteira entre a *cantiga de amor* e unha certa forma de parodia se pode volver moi tenue, tal como nas *cantigas de amor burlescas* ou *xocosas* de Tavani. Por outro lado, córrese o risco de confundir niveis de clasificación.

Precisamente a este respecto, unha curiosa reflexión, ou advertencia, é a que fai R. Ferreira (1997) ao denunciar as consecuencias que se poden derivar do feito de tomar por marca de xénero o que a penas é motivo ou tópico, deixando que esa clasificación se converta en obstáculo, por exemplo, para a consideración da obra global dun poeta, ou para a comprensión do verdadeiro valor poético de termos que se pensa interpretar atribuíndoos ao léxico específico dun xénero, como o de romaría, etc. Nunha liña semellante, lembramos a suxestión feita por G. Videira Lopes (1994) de reler algunhas *cantigas de amigo* como expresión dunha sensualidade intensa, aínda que expresándose nunha linguaxe aparentemente máis branda e inocente cá das *cantigas de amor*.

Cuestións de poética e de hermenéutica relativas á poesía de amor en xeral e a cada xénero en particular foron tamén elucidadas gracias ao progreso do estudio da música trobadoresca, que en Portugal ten unha sinatura, a de M. P. Ferreira. É aquí un resumo dos puntos esenciais das súas conclusións ata este momento: confirmación –respecto ás conxecturas que os textos permitían formular– dunha estreita relación entre verso e música; asociación da *cantiga de amigo* cunha modalidade musical eclesiástica, máis especificamente gregoriana, á que se lle pode atribuír un carácter tendencialmente popular, e da *cantiga de amor* (polo menos a de Don Denis) coa canción cortés, francesa ou provenzal, de rexistro aristocrático chamada *cantus coronatus*, de alto grao de ornamentación e solemnidade; demostración de razóns para encarar doutro modo a representación cuantitativa da *cantiga de seguir* nos *Cancioneiros*, e o seu valor estético; nova teoría sobre a cronoloxía dos manuscritos das *Cantigas de Santa María*; exclusión da música destas últimas de características populares e aproximación á música arábigo-andaluza.

Entre os textos críticos sobre a polifacética obra de Alfonso X destaca o artigo de V. Bertolucci Pizzorusso (1993b), acompañado dunha bibliografía probablemente exhaustiva no momento, que introduce cun alto grao de evidencia a estreita ligazón entre a poesía profana e a poesía mariana do rei castelán, e o consecuente desatino de ignorala, como xeralmente acontece. Outros dous estudos seus, anteriores, sobre o mesmo poeta foron en canto publicados en libro (1989).

Aportacións dedicadas a un dos grandes xéneros considerados no seu todo continuaron, a pesar de todo, publicándose, como as de V. Beltrán, *A cantiga de amor* (1995), e “La estructura conceptual de la cantiga de amor”, que subliña a complexidade e o grao de elaboración das figuras de expresión en oposición á menor complexidade do sentido (1993a); na mesma colección do primeiro, G. Lanciani e G. Tavani publicaron *As cantigas de escarnio* (1995), e acaba de saír á luz *A cantiga de amigo*, a cargo de M. Brea e P. Lorenzo Gradín (1998). No que toca a este xénero, vale a pena lembrar o xa clásico *Do Cancioneiro de Amigo*, da autoría conxunta de S. Reckert e H. Macedo, que espertou na súa última reedición (1996) un interese renovado por mor das alteracións nela introducidas.

23

Sobre o xénero satírico apareceron recentemente dous traballos, destinados a probas académicas: *A sátira nos cancioneiros medievais galego-portugueses*, de G. Videira Lopes (1993), xa publicado en libro (1994), e *Sátira galego-portuguesa: textos, contextos, metatextos*, de A. Lindeza Diogo (1992). No primeiro, aínda que desprovisto en demasiados aspectos do rigor desexábel, son motivo de interese unha reflexión sobre a *cantiga de seguir*, propostas de ampliación do *corpus* presentado por Lapa e de formación de novos “ciclos”, e algunhas novas hipóteses interpretativas. Respecto ao segundo, entre algúns desequilibrios de estrutura, ten o mérito definitivo de manter en permanente convivencia no discurso sobre a poesía satírica a súa natureza de artefacto poético e a súa cualidade de produto socializado dunha “arte de corte”: moitos puntos escuros da cuestión reciben, así, algunha luz.

O máis pacificamente delimitado de todos os xéneros, a *tenzón*, foi tamén obxecto dun traballo, da autoría de M. A. Silva (1993), que ten sobre todo a gran virtude de, a unha boa síntese dos tópicos esenciais deste campo de estudio, xuntarlle a edición, moi coidada, dos trinta e tres textos enumerados. Tratándose, unha vez máis, de cumprimento dunha proba académica, só está policopiado.

2.2. Investigación histórica

Despois do vasto traballo de C. Michaëlis (1904), pouco se avanzou no dominio do coñecemento de persoas e feitos implicados no fenómeno trobadoresco galego-portugués ata a década pasada. Dende entón revitalizouse este tipo de investigación.

24 Como estudio de grande alento, abranguendo a totalidade da produción poética e combinando datos documentais cos últimos descubrimentos codicolóxicos e relecturas dos textos para reconstituír as operacións que lles corresponden a todas as fases da organización dos *Cancioneiros*, o traballo xa citado de A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco*, imponse pola fiabilidade dos métodos e pola amplitude do campo que cobre. Distingue varias xeracións de poetas, agrupamentos sucesivos por nacionalidade (galega ou portuguesa) e por categoría social (nobres, cabaleiros / nobreza media, xograres e, de integración máis tardía, cancioneros de reis e grandes magnates e de clérigos), e modos de disposición dos textos correspondentes a momentos diferentes de inserción (distribuídos polos tres xéneros ou simplemente reunidos por autor). Traballa, evidentemente, cos xéneros definidos a grandes trazos, e por iso as relacións que procura establecer entre estes e a cronoloxía son tal vez a parte máis fráxil das súas conclusións. Valor inestimábel teñen, sen dúbida, as biografías presentadas para todos os poetas, que resolven, mesmo, algúns problemas de autoría antes descoñecida ou mal atribuída (esta materia foi retomada polo autor en *Trobadores e Xograres*, 1995).

Mellor modelo para investigacións históricas parece ser, sen embargo, o que desenvolveu V. Beltrán, en particular nas series “Los trovadores en las cortes de Castilla y León” e “Tipos y temas trovadorescos”, nas que a delimitación de ámbitos máis restrinxidos de indagación permite non só unha recolleita máis minuciosa de datos senón tamén un aproveitamento máis habelencioso na comprensión dos poemas. Naturalmente que, se a poesía amorosa tamén se beneficia, o principal enriquecemento vai probablemente para a poesía satírica. Cremos que hoxe se pode dicir que o estudio dos xéneros cubertos por esta designación non pode prescindir nin da perspectiva de Beltrán nin da de Lindeza Diogo, e que debe, pola contra, procurar o encontro de ambas.

O exame de documentación relevante para o coñecemento de personaxes e acontecementos referidos na poesía, de circunstancias contextuais ou de relacións entre poetas peninsulares e doutras procedencias está cada vez máis na

mira dos estudiosos. Ademais dos resultados abundantemente rexistrados, por exemplo, no *DLMGP* (1993), citamos dous casos próximos no tempo, notábeis sobre todo en canto son indicadores de vías de investigación prometedoras. A perplexidade de Tavani ante o que lle parece a excesiva suavidade da poesía dos xogares, limitada a historias de amor por donas e doncelas, vivindo estes con señores que non dubidaban ante a crítica, o sarcasmo e a obscenidade, levou-no a enfrontarse coa exigüidade de información sobre esa clase profesional e a recoñecer aí un tema importante de investigación, por exemplo, para percibir se se exerceu algunha forma de censura sociocultural (1993a). Adoptando igualmente un punto de vista orixinal, A. Roncaglia desenvolveu unha pescuda sobre o posíbel efecto inspirador da poesía galego-portuguesa na de Guido Cavalcanti, de confirmarse unha, polo de agora incerta, viaxe súa a Compostela (1993). Ben máis ca unha simple contribución para a defensa da dignidade da produción trobadoresca ibérica, é, antes, o sinal dunha serena e profundamente esclarecida mirada sobre a cuestión.

Outro estudio que conduciu a resultados moi interesantes, no que a interpretación literaria e a investigación histórica (aquí sobre todo liñaxística) se conxugaron de modo particularmente feliz, é o de A. Correia (1996) sobre a *ama* de Johan Soarez Coelho: visto que se trata dun termo alternativo para designar o ‘moucho’, a investigadora demostrou que a cantiga alude a unha determinada señora con ese patronímico e, polo tanto, facilmente identificábel polos contemporáneos, entre eles Fernan Garcia Esgaravunha, Airas Perez Vuitoron, Johan Garcia de Guilhade e Juião Bolseiro; os trobadores que en seguida glosaron ironicamente o tema limitáronse, pois, a entrar no mesmo xogo poético. Reinterpretando os textos tradicionalmente adscritos a este ciclo, e ampliando as súas investigacións a outras cantigas, V. Beltrán (1998), ofrece unha lectura distinta do texto. Segundo a súa análise, o denominado “ciclo das amas” sería, en realidade, un canto ao nacemento dun grande, Don Denis, na corte portuguesa durante o terceiro cuarto do século XIII, e a súa protagonista sería a ama do infante, dona Maria Migueis.

Finalmente, non queremos deixar de mencionar a hipótese defendida por M^a. A. Ramos (1997) sobre a identificación de Pedro Homem, poeta do *Cancioneiro Geral* de García de Resende ben documentado na segunda metade do século XV, como un dos posuidores do *Cancioneiro da Ajuda*, unha vez que o seu nome se encontra no códice nunha posición que permite esa interpretación. Sendo a historia da circulación deste testemuño case descoñecida ata o século XVIII, é obvio o interese deste dato, se pode ser confirmado.

2.3. Novos criterios para a constitución de conxuntos ou “ciclos”

Comezamos polo máis consensuado, que se pode describir, *grosso modo*, como de afinidades temáticas. Establecéronse máis vulgarmente no interior dun xénero, pero poden, como é evidente, determinar un *corpus* transxenérico. Os termos que soportan esas afinidades son de natureza variábel: ora unidades lexicais simples (substantivos ou adxectivos) que designan un elemento concreto do significado, ora unidades discursivas máis complexas que serven para a expresión dunha idea. A funcionalidade retórica e poética que, en xeral, caracteriza unhas e outras, confírelles a cualidade de motivos, que desempeñan un papel especial na configuración do tema.

O cancionero de Pero Meogo, cunha excepcional homoxeneidade formal e temática no que respecta aos motivos centrais (cervo e fonte / auga) e ao simbolismo que vehiculan, serviu como un forte incentivo para ver na repetición deste tipo de elementos un factor de interrelación dos poemas nos que se verifica, xustificando a busca do efecto específico dunha lectura que os considere en conxunto.

26

Un bo exemplo deste tipo de traballo ofreceuno R. Cohen no artigo “A poética da sanhuda” (1996), no que estudia este motivo na súa expresión lexicál, retórica e poética, nun *corpus* impresionantemente numeroso de *cantigas de amigo*. Chega a resultados francamente interesantes, en particular no que atinxe a novas hipóteses sobre a relación entre autor, suxeito da enunciación e suxeito do enunciado, cuestión que, como se sabe, asume unha particular sutileza neste xénero. O mesmo autor editou unha parte das *cantigas de amigo* de Don Denis (1987) subordinándoas ao tema da “renuncia”, esta vez presentando métodos e conclusións que se revelaron moito máis discutíbeis.

Na poesía satírica, os dous traballos xa citados de Videira Lopes e Lindeza Diogo propoñen novos “ciclos”, baseados tanto en personaxes coma en asuntos, ou en temas máis abstractos. Nótese que calquera deles declara o carácter de tentativa das súas propostas.

Pódese ampliar aínda a observación a motivos que, se ben nos artigos aos que nos referimos foron soamente considerados como xeradores de campos temáticos, valen de feito como base potencial para a selección de conxuntos de poemas, dun ou máis poetas: o xuramento como proba nas *cantigas de amor* (Correia, 1997); a vella na poesía satírica, un tópicos que ten un uso máis como

xogo ca como insulto, e así sería entendido polas soldadeiras ás que se dirixe (Corral Díaz, 1993); o mundo ao revés en Martin Moxa, modalidade de estudo comparatista que, asociando Moxa a Peire Cardinal, conclúe coa diferenza entre os dous poetas no que atinxe ó aproveitamento deste motivo, a pesar doutras afinidades que os unen (Fernández Vuelta, 1993); o mar en Pai Gomez Charinho, nun texto no que a perspectiva de obra individual, dominante, cede unha boa parte de terreo á de comparación con poemas de varios autores nos que se recolle o motivo (Brea, xa citado, 1996), etc.

Ao outro tipo de “ciclos”, aos que algunhas lecturas das cantigas de Martin Codax abriron o camiño, chamóuselles “narrativos”. Non deixan de provocar reservas, facendo notar o risco de forzar a interpretación dos textos ao sentido e aos límites necesarios para conseguir a linealidade narrativa e un certo grao, indispensábel, de homoxeneidade do rexistro discursivo; por outro lado, é case inevitábel que a pretendida narrativa se constrúa á custa dunha historia inventada que, de feito, non fai máis ca rodear o texto.

Tavani e Cohen son tal vez os estudiosos que máis insistiron na pertinencia de lecturas que buscan descubrir “series” ou “secuencias”, afirmando mesmo a súa efectiva existencia no plano da propia creación poética. O primeiro fixo a súa demostración práctica co cancionero de Martin Codax (1988b) e co de Johan Nunez Camanez (1988b; 1993b), aquí coa interesante particularidade de xuntar *cantigas de amor* e *de amigo* na mesma serie. Respecto ao segundo, procurou executar o mesmo plan, de forma máis atenuada, na selección de trinta e dúas cantigas de Don Denis que mencionamos hai pouco, e, en ton máis afirmativo, para “22 cantigas d’ amigo de Johan Garcia de Guilhade: vingança de uma sanhuda virtuosa” (1996). Cremos que se debe admitir que ningunha destas propostas conseguiu ser plenamente convincente (aínda que ninguén volvera levar o principio tan lonxe coma Nodar Manso (1985) no seu aberrante estudio do que chamou a “narratividade da poesía lírica galego-portuguesa”).

Aínda que a intención ou o desexo de explorar esta vía aparece ás veces noutros textos críticos, é, pois, dubidoso que se revele efectivamente productiva.

Bibliografía

I. Edicións dos textos e antoloxías

Alvar, C. e Beltrán, V., *Antología de la poesía gallego-portuguesa*, Madrid: Alhambra, 1989.

Cancioneiro da Ajuda, vid. infra *Fragmento*.

Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991, Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.

Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803), Lisboa: Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura, 1973.

Cantigas do mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meendinho, Joban de Cangas e Martin Codax, realizada por A. Fernández Guiadanes, F. Magán Abelleira, I. Rodiño Caramés, M. Rodríguez Castaño, X. X. Ron Fernández e M. C. Vázquez Pacho, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1998.

28

Dionísio, J., *As cantigas de Fernan Soarez de Quinhones*, Lisboa: Faculdade de Letras de Lisboa [policopiado], 1992.

Ferreira, M^a. E. Tarracha, *Poesia e Prosa medievais*, 2^a ed., Lisboa: Biblioteca Ulisseia de Autores Portugueses, Editora Ulisseia, 1988.

———, *Antologia Literária Comentada. Idade Média. Poesia Trovadoresca. Fernão Lopes*, 5^a ed., Lisboa: Editora Ulisseia, 1991.

Ferreiro, M., *As cantigas de Rodrigu' Eanes de Vasconcelos*, Santiago de Compostela: Laiovento, 1992.

Fragmento do Nobiliario do Conde Don Pedro, Cancioneiro da Ajuda, Edição Fac-Similada do Códice Existente na Biblioteca da Ajuda, estudos de J. V. Pina Martins e M^a. A. Ramos, Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, 1994.

Gonçalves, E., *Poesia de rei: três notas dionisinas*, Lisboa: Edições Cosmos, 1991a.

Jensen, F., *Medieval Galician-Portuguese Poetry: an Anthology*, New York-London: The Garland Library of Medieval Literature, Volume 87, Series A, Garland Publishing, Inc., 1992.

Juárez Blanquer, A., *Cancionero de Pero da Ponte*, Granada: Ediciones TAT, 1988.

Lapa, M. Rodrigues, *Cantigas d' escarinho e de mal dizer dos cancioneiros medievais galego-portugueses*, 3ª ed., Vigo-Lisboa: Ir Indo-Edições João Sá da Costa [1ª ed., 1965], 1995.

Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica, coord. por M. Brea, realizado por F. Magán Abelleira, I. Rodiño Caramés, M. C. Rodríguez Castaño e X. X. Ron Fernández, coa colaboración de A. Fernández Guiadanes e M. C. Vázquez Pacho, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 2 vols., 1996.

Lorenzo Gradín, P., "Gomez Garcia, abade de Valadolide", *La literatura en la época de Sancho IV. (Actas del Congreso Internacional "La literatura en la época de Sancho IV", Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994)*, ed. de Carlos Alvar y José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, Universidad de Alcalá, pp. 213-226, 1996.

Martínez Pereiro, C. P., *As cantigas de Fernan Paez de Tamalancos*, Santiago de Compostela: Laiovento, 1992.

Monaci, E., *Il Canzoniere Portoghese della Biblioteca Vaticana*, Halle: Max Niemeyer Editore, 1875.

Nunes, J. J., *Cantigas d' Amor dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário*, Coimbra: Imprensa da Universidade [1ª ed., 1932], 1972.

———, *Cantigas d' Amigo dos trovadores galego-portugueses. Edição crítica acompanhada de introdução, comentário, variantes, e glossário*, Lisboa: Centro do Livro Brasileiro, 3 vols. [1ª ed., 1926-28], 1973.

Pena, X. R., *Literatura Galega Medieval. II. Antoloxía de textos comentados (lírica e prosa)*, 2ª ed. revisada e actualizada, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1990.

Piccat, M., *Il canzoniere di Don Vasco Gil*, Bari: Adriatica Editrice, 1995.

Tavani, G., "Propostas para unha nova lectura da cantiga de Mendinho", *Grial*, 99, pp. 59-61, 1988a.

Vallín, G., *Las cantigas de Pay Soarez de Taveirós*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá de Henares, 1996.

Vasconcelos, C. Michaëlis de, *Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2 vols. [1ª ed., 1904], 1990.

Víñez Sánchez, A., *Don Gonçal' Eanes do Vinhal: Reconstrucción histórico-biográfica y edición crítica de su obra*, tese de doutoramento inédita, Cádiz: Departamento de Filología, Universidad de Cádiz, 1993.

II. Estudios

Asensio, E., *Poética y realidad en el cancionero peninsular de la Edad Media*, Madrid: Gredos, 1970.

Askins, A. L.-F., "The *Cancioneiro da Bancroft Library* (previously, the *Cancioneiro de um Grande d' Hespanha*): a copy, ca. 1600, of the *Cancioneiro da Vaticana*", *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*, Lisboa: Edições Cosmos, vol. I, pp. 43-47, 1991.

Beltrán, V., "La estructura conceptual de la cantiga de amor", *O cantar dos trovadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 53-75, 1993a.

———, "Los trovadores en las cortes de Castilla y León. III. Gui d' Ussel y Paay Soarez de Taveyros", *Atti del Secondo Congresso Internazionale della "Association Internationale d' Etudes Occitanes" (Torino, 31 agosto-5 settembre 1987)*, Giuliano Gasca Queirazza (ed.), Torino: Università di Torino, vol. I, pp. 45-64 (información sobre os títulos anteriores da mesma serie en p. 56), 1993b.

———, *A cantiga de amor*, Vigo: Xerais, 1995.

30

———, "Tipos y temas trovadorescos. XI. La corte poética de Sancho IV", *La Literatura en la época de Sancho IV. (Actas del Congreso Internacional "La literatura en la época de Sancho IV", Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994)*, ed. de Carlos Alvar y José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, Universidad de Alcalá, pp. 121-140 (información sobre os títulos anteriores da mesma serie en p. 121, n. 1), 1996.

———, "Tipos y temas trovadorescos. XV. Johan Soarez Coelho y el ama de don Denis", *Bulletin of Hispanic Studies*, LXXV, pp. 13-43, 1998.

Bertolucci Pizzorusso, V., *Morfologie del testo medievale*, Bologna: Il Mulino, 1989.

———, "Motivi e registri minoritari nella lirica d' amore galego-portoghese: la cantiga de *change*", *O cantar dos trovadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 109-120, 1993a.

———, s. v. "Alfonso X", *DLMGP*, pp. 36-41, 1993b.

———, "La funzione encomiastica nei trovatori provenzali e galego-portoghesei", *Le Rayonnement des Troubadours*, Amsterdam: ed. Anton Foubert, pp. 41-49, 1998.

Brea, M., "El *escondit* como variante de las cantigas de amor y de amigo", *Literatura Medieval. Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa,*

1-5 Outubro 1991), org. por Aires A. Nascimento e Cristina Almeida Ribeiro, Lisboa: Edições Cosmos, vol. IV, pp. 175-187, 1993.

———, “Pai Gómez Charinho y el mar”, *La Literatura en la época de Sancho IV. (Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”, Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994)*, ed. de Carlos Alvar y José Manuel Lucía Megías, Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones, Universidad de Alcalá, pp. 141-152, 1996.

———, “Estado actual das investigacións sobre lírica galego-portuguesa (O Arquivo Galicia Medieval)”, *Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca*, V, pp. 367-375, 1997.

Brea, M. e Lorenzo Gradín, P., *A cantiga de amigo*, Vigo: Xerais, 1998.

Canettieri, P. e Pulsoni, C., “*Contrafacta* galego-portoghese”, *Medioevo y Literatura, Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada, 27 septiembre-1 octubre 1993)*, ed. de Juan Paredes, Granada: Universidad de Granada, vol. I, pp. 479-497, 1995a.

———, “Para un estudio histórico-xeográfico e tipolóxico da imitación métrica na lírica galego-portuguesa. Recuperación de textos trobadorescos e troveirescos”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1994*, pp. 11-50, 1995b.

Cohen, R., *Thirty-two cantigas d’ amigo of Dom Dinis: Typology of a Portuguese renunciation*, Madison: The Hispanic Seminary of Medieval Studies, 1987.

———, “Dança jurídica. I. A poética da sanhuda nas cantigas d’ amigo”. II. “22 cantigas d’ amigo de Johan Garcia de Guilhade: vingança de uma sanhuda virtuosa”, *Colóquio / Letras*, 142, pp. 5-50, 1996.

Corral Díaz, E., “A figura da *velha* nos cancioneiros profanos galego-portugueses”, *O cantar dos trovadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 403-414, 1993.

Correia, A., s. v. “Cantiga de romaria”, *DLMGP*, pp. 140-141, 1993.

———, “O sistema das coblas doblas na lírica galego-portuguesa”, *Medioevo y Literatura, Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Granada, 27 septiembre-1 octubre 1993)*, ed. de Juan Paredes, Granada: Universidad de Granada, vol. II, pp. 75-90, 1995.

———, “O outro nome da ama. Uma polémica suscitada pelo trovador Joam Soares Coelho”, *Colóquio / Letras*, 142, pp. 51-64, 1996.

———, “A jura como prova na cantiga de amor galego-portuguesa”, *O Género do Texto Medieval (Actas do colóquio da secção portuguesa da A.H.L.M., Lisboa, 1996)*, coord. por Cristina Almeida Ribeiro e Margarida Madureira, Lisboa: Edições Cosmos, pp. 55-69, 1997.

Cunha, C. Ferreira da, *Estudos de poética trovadoresca. Versificação e ecdótica*, Rio de Janeiro: Instituto Nacional do Livro, Ministério da Educação e Cultura, 1961.

D’ Heur, J. M., “Sur la tradition manuscrite des chansonniers galiciens-portugais. Contribution à la *Bibliographie Générale* et au *Corpus* des troubadours”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, VIII, pp. 3-43, 1974.

———, “Sur la généalogie des chansonniers portugais d’ Ange Colocci”, *Boletim de Filologia, Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II, XXIX, pp. 23-34, 1984.

Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa, org. e coord. por G. Lanciani e G. Tavani, Lisboa: Caminho, 1993.

Diogo, A. Lindeza, *Sátira galego-portuguesa: textos, contextos, metatextos*, Braga, Universidade do Minho [Policopiado], 1992.

32 Fernández Vuelta, Ma. M., “El ‘mundo al revés’ en Martín Moya y Peire Cardenal”, *O cantar dos trovadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 415-424, 1993.

Ferrari, A., “Formazione e struttura del Canzoniere Portoghese della Biblioteca Nazionale di Lisbona (Cod. 10991: Colocci-Brancuti). Premesse codicologiche alla critica del testo (Materiali e note problematiche)”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, XIV, pp. 27-142, 1979.

———, “Linguaggi lirici in contatto: *trobadors e trovadores*”, *Boletim de Filologia, Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II, XXIX, pp. 35-58, 1984.

———, “Le chansonnier et son double”, *Lyrique romane médiévale: la tradition des chansonniers. Actes du Colloque de Liège, 1989*, ed. par M. Tysens, Liège: Université de Liège, pp. 303-327, 1991.

———, “Parola-rima”, *O cantar dos trovadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 121-136, 1993a.

———, s. v. “Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)”, *DLMGP*, pp. 119-123, 1993b.

———, s. v. “Cancioneiro da Biblioteca Vaticana”, *DLMGP*, pp. 123-126, 1993c.

——, s. v. “Lai”, *DLMGP*, pp. 374-378, 1993d.

Ferreira, M. P., *O som de Martin Codax. Sobre a dimensão musical da lírica galego-portuguesa (séculos XII-XIV)*, Lisboa: Unisys / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1986.

——, “Relatório preliminar sobre o conteúdo musical do Fragmento Sharrer”, *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*, Lisboa: Edições Cosmos, vol. I, pp. 35-42 (con transcrição parcial das melodias), 1991.

——, “The Stemma of the Marian Cantigas: Philological and Musical Evidence”, *Bulletin of the Cantigueiros de Santa Maria*, vol. VI, pp. 58-98, 1994.

Ferreira, M. R., “*Nomina sunt res?* Do poder reificador das designações genéricas no corpus da lírica galego-portuguesa”, *O Género do Texto Medieval (Actas do colóquio da secção portuguesa da A.H.L.M., Lisboa, 1996)*, coord. por Cristina Almeida Ribeiro e Margarida Madureira, Lisboa: Edições Cosmos, pp. 43-54, 1997.

Fidalgo Francisco, E. (1997), “Acerca del *mot-equivoc* y del *mot-tornat* en la cantiga de amor”, *Cultura Neolatina*, LVII, pp. 253-276, 1997.

Gonçalves, E., “La Tavola Colocciana *Autori Portughesi*”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, X, pp. 387-448, 1976.

——, “Filologia literária e terminologia musical *Martin Codax esta non acho pontada*”, *Miscellanea di studi in onore di Aurelio Roncaglia a cinquent' anni dalla sua laurea*, Modena: Mucchi Editore, vol. II, pp. 623-636, 1989.

——, “Sur la lyrique galego-portugaise. Phénoménologie de la constitution des chansonniers ordonnés par genres”, *Lyrique romane médiévale: la tradition des chansonniers. Actes du Colloque de Liège, 1989*, ed. par M. Tyssens, Liège, Université de Liège, pp. 447-467, 1991b.

——, “Intertextualidades na poesia de Dom Dinis”, *Singularidades de uma Cultura Plural, Actas do XIII Encontro de Professores Universitários Brasileiros de Literatura Portuguesa (Rio de Janeiro, 30 de Julho a 3 de Agosto de 1990)*, Rio de Janeiro, pp. 146-155, 1992.

——, “Atehudas ata a fiinda”, *O cantar dos trovadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 167-186, 1993a.

——, “D. Denis: um Poeta Rei e um Rei Poeta”, *Literatura Medieval. Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*, org. por Aires A. Nascimento e Cristina Almeida Ribeiro, Lisboa: Edições Cosmos, vol. II, pp. 13-23, 1993b.

——, s. v. “Tradição manuscrita da poesia lírica”, *DLMGP*, pp. 627-632, 1993c.

——, “O sistema das rubricas atributivas e explicativas nos cancioneiros trovadorescos galego-portugueses”, *Actas do XIX Congresso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas, Universidade de Santiago de Compostela, 1989, VII, Sección IX. Filoloxía Medieval e Renacentista*, ed. de Ramón Lorenzo, A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, pp. 979-990, 1994.

Guerra, A. J. Ribeiro, “Contributos para a análise material e paleográfica do Fragmento Sharrer”, *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*, Lisboa: Edições Cosmos, vol. I, pp. 31-33, 1991.

Hernández, A. J. (1993), “*Se eu podesse desamar*, de Pero da Ponte: um exemplo de *mala cansó* na lírica galego-portuguesa?”, *O cantar dos trovadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 351-372, 1993.

Lanciani, G. e Tavani, G., *As cantigas de escarnio*, Vigo: Xerais, 1995.

Livermore, H., “The Formation of the Cancioneiros”, *Arquivos do Centro Cultural Português*, XXV, pp. 107-147, 1988.

34 Lopes, G. Videira, *A sátira nos cancioneiros medievais galego-portugueses*, Lisboa: Imprensa Universitária, Editorial Estampa, 1994.

Lorenzo Gradín, P., “*Accesus ad tropatores*. Contribución al estudio de los *contrafacta* en la lírica gallego-portuguesa”, *Actes du XX^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes, Université de Zurich (6-11 avril 1992)*, ed. de G. Hilty, Tübingen: Francke Verlag, vol. V, pp. 99-112, 1993.

——, “El dobre gallego-portugués o la estética de la simetría”, *Vox Romanica*, 56, pp. 212-241, 1997.

Marroni, G., “Integraciones y adiciones a (†) Silvio Pellegrini-Giovanna Marroni: *Nuovo Repertorio Bibliografico della Prima Lirica Galego-portoghese*. (Hasta 1977), *Boletín Bibliográfico de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*, 1, pp. 100-156, 1987.

Nodar Manso, F., *La narratividad de la poesía lírica galaico-portuguesa*, Kassel: Reichenberger, 1985.

Oliveira, A. Resende de, “Do Cancioneiro da Ajuda ao ‘Livro das Cantigas’ do conde D. Pedro. Análise do acrescento à secção das cantigas de amigo de ω ”, *Revista de História das Ideias*, X, pp. 691-751, 1988.

——, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibri, 1994.

———, *Trobadores e xograres. Contexto histórico*, Vigo: Xerais, 1995.

Pellegrini, S. e Marroni, G., *Nuovo repertorio bibliografico della prima lirica galego-portoghese (1814-1977)*, L' Aquila: Japadre Editore, 1981.

Ramos, M^a. A., “A transcrição das *fiúndas* no Cancioneiro da Ajuda”, *Boletim de Filologia*, XXIX, pp. 11-22, 1984.

———, “L' éloquence des blancs dans le Chansonnier d' Ajuda”, *Stylistique, Rhétorique et Poétique dans les langues Romanes (Aix-en-Provence, 29 août-3 septembre 1983)*, Marseille: Université de Provence, vol. 8, pp. 215-224, 1986.

———, “*Inuoco el rrey dom denis... Pedro Homem e o Cancioneiro da Ajuda*”, *VII^e Congrès de l' Associació Hispànica de Literatura Medieval (Castelló de la Plana, 22-26 setembre de 1997)* [no prelo].

Reckert, S. e Macedo, H., *Do Cancioneiro de Amigo*, 3^a ed. corrixida e aumentada, Lisboa: Assírio&Alvim, 1996.

Roncaglia, A., “*Ecci venuto Guido 'n Compostello? (Cavalcanti e la Galizia)*”, *O cantar dos trobadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 11-29, 1993.

Sharrer, H. L., “The Discovery of Seven *cantigas d' amor* by Dom Dinis with Musical Notation”, *Hispania*, 74, pp. 459-461, 1991a.

———, “Fragmentos de sete cantigas d' amor de D. Dinis, musicadas – uma descoberta”, *Actas do IV Congresso da Associação Hispànica de Literatura Medieval (Lisboa, 1-5 Outubro 1991)*, Lisboa: Edições Cosmos, vol. I, pp. 13-29 (con reprodución fotográfica do pergamiño), 1991b.

Silva, M. A. Ferreira da (1993), *A tenção galego-portuguesa. Estudo de um género e edição dos textos*, Lisboa: Faculdade de Letras de Lisboa [Policopiado], 1993.

Stegagno Picchio, L., “Gli agli verdi”, *Studi di letteratura spagnola*, [III], Roma, pp. 141-153, 1966.

Tavani, G., *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell' Ateneo, 1967a.

———, “La tradizione manoscritta della lirica galego-portoghese”, *Cultura Neolatina*, XXVII, pp.41-94, 1967b.

———, *Poesia del Duecento nella Penisola Iberica. Problemi della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell' Ateneo, 1969.

——, *Ensaio português. Filologia e Linguística*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1988b.

——, *A poesia lírica galego-portuguesa*, Lisboa: Comunicação, 1988c.

——, “I Giullari e I Canzonieri”, *El Girador; Studi di Letterature iberiche e ibero-amicane offerti a Giuseppe Bellini*, Roma: Bulzoni Editora, pp. 999-1013, 1993a.

——, s. v. “Johan Nunez Camanez”, *DLMGP*, pp. 353-354, 1993b.

——, “Ancora sulla tradizione manoscritta della lirica galego-portoghese”[no prelo].

Tyssens, M., “Cantigas d’ amigo et chansons de femme”, *O cantar dos trovadores, Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 329-347, 1993.